



CIRCULAR INFORMATIVA 10/2020

1. REXISTRO DE LETRADOS/AS REPRESENTANTES EN MATERIA DE ESTRANXEIRÍA: OPERATIVO DENTE O 13 DE MAIO

Segundo nos comunica o CGAE, durante os últimos días adheríronse ao convenio de colaboración asinado co Ministerio de Política Territorial 50 colexios de avogados e 2297 avogados e avogadas, que xa teñen a posibilidade de realizar por vía electrónica os trámites administrativos e de xestión documental en materia de estranxeiría. O Colexio de Avogados de Santiago solicitou a adhesión ao Rexistro de representantes dende o primeiro momento e neste momento tramitáronse 41 altas de colexiados no dito rexistro.

Dende hoxe xa está operativo o novo sistema telemático, polo que todos os colexiados e colexiadas que o solicitaron xa poden acceder e realizar as xestións de estranxeiría por este medio.

O acceso ao sistema pode facerse a través das sedes electrónicas do Ministerio de Política Territorial ou das subdelegacións do Goberno de cada provincia.

2. OUTROS CONVENIOS DE INTERESE

- **Atriga:** convenio coa Axencia Tributaria de Galicia destinado a realizar en nome de terceiros declaracións e liquidacións de impostos.
- **Axencia Tributaria Estatal:** convenio destinado a realizar declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros.

En ambos os casos deberase solicitar a adhesión a través do Colexio, cubrindo os formularios correspondentes.

Máis información na secretaría do Colexio (981581713).

3. SEDE COLEXIAL: RESTABLECEMENTO DO HORARIO HABITUAL

A partir do vindeiro luns 18 de maio as oficinas do Colexio recuperarán os horarios habituais:

Sede principal: de 9 a 14 h e de 17 a 20 h (de luns a xoves); de 8.30 a 14.30 h (venres)

Sede das Fontiñas: de 8.30 a 14 h

Por razóns de seguridade e prevención durante a fase de desescalada, é recomendable limitar no posible as xestións de forma presencial e dar preferencia á tramitación a distancia (a través do teléfono ou do correo electrónico).

O servizo de orientación xurídica está comezando a atender solicitudes de forma presencial, baixo cita previa e con acceso limitado a unha soa persoa.